

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Marzo 2006

COMUNICADO

O índice de vendas de comercio polo miúdo incrementouse en marzo de 2006 con respecto a un ano antes

No mes de marzo de 2006 as vendas do comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 11,3% con respecto ao mesmo mes do ano anterior

En termos correntes, o índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia rexistrou no mes de marzo de 2006 un incremento interanual do 11,3%. Corrixida a serie do efecto calendario, que neste mes ben determinado tanto pola diferenza do número de días hábiles como polo efecto da Semana Santa que neste ano se celebrou en abril e no 2005 en marzo, o índice xeral de comercio polo miúdo rexistrou un aumento interanual do 9,0%.

No que vai de ano, o índice xeral creceu un 6,7%, un 5,3% se se mide en termos de serie corrixida de efecto calendario.

Por produto vendido, a análise das vendas en termos correntes sinala un incremento de todas as tipoloxías estudadas, agás da do equipamento da persoa. As vendas dos grupos doutros produtos e do equipamento do fogar foron, ao igual que no mes anterior, as que máis se incrementaron con taxas interanuais do 23,4% e do 12,4%, respectivamente. A venda de produtos de alimentación mantense practicamente constante (0,3%) respecto a un ano antes. Polo contrario, as vendas de equipamento da persoa rexistraron en marzo de 2006 unha taxa de variación anual do -2,4%.

As vendas en grandes superficies non especializadas creceron un 6,8%

Os índices elaborados por tipo de actividade da empresa indican, en marzo de 2006, un incremento superior das vendas dentro das empresas de comercio especializado, cunha taxa de variación interanual do 14,0% en termos correntes. O índice de vendas do comercio non especializado aumentou un 4,3%.


O índice de vendas de grandes superficies non especializadas de Galicia presentou en marzo de 2006 un incremento interanual do 6,8%.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Marzo 2006.
Datos provisionais

| | Índice | % variación sobre igual período ano anterior | |
|---------------------------------|--------|--|----------------------------|
| | | Do mes | Da media do que vai de ano |
| Xeral | 134,4 | 11,3% | 6,7% |
| Xeral (corrixido de calendario) | 132,3 | 9,0% | 5,3% |
| Por actividade | | | |
| Especializado | 130,6 | 14,0% | 7,8% |
| Non especializado | 136,5 | 4,3% | 3,5% |
| Grandes superficies | 150,2 | 6,8% | 4,9% |

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
 e-mail: ige@xunta.es